



### CONCELLOS

#### CERVANTES

##### *Anuncio*

#### **Delegación de funcións da Alcaldía por vacacións**

Esta Alcaldía, con data do día 15 de xullo de 2019, ditou a Resolución que se transcribe a continuación:

#### **RESOLUCIÓN ALCALDÍA**

“Resultando que teño previsto ausentarme varios días por motivo de vacacións, e que aos tenentes de alcalde correspóndelles substituír na totalidade das funcións e por orde de nomeamento, nos supostos de ausencia, enfermidade ou impedimento que me imposibilite para o exercicio das miñas atribucións.

Resultando que nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento as funcións do alcalde non poderán ser asumidas polo tenente de alcalde a quen corresponda sen expresa delegación, debendo reunir os requisitos establecidos no artigo 44.1 e 2 do Regulamento Orgánico de Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Resultando que me vou a ausentar no período comprendido entre os días 5 ao 21 do mes de agosto do corrente, ambos inclusive, por razón de vacacións.

Resultando que o primeiro tenente de alcalde é D. Luis de Alonso Álvarez.

Considerando que, conforme ao disposto no artigo 44.1 e 2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico de Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, establece que todas as delegacións serán realizadas mediante decreto do alcalde que conterà o ámbito dos asuntos aos que se refire a delegación, as facultades que se deleguen, así como as condicións específicas de exercicio das mesmas, na medida que se á parte do réxime xeral previsto no Regulamento.

Considerando que, conforme ao mencionado artigo 44 do Regulamento Orgánico de Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a delegación de atribucións producirá efecto desde o día seguinte á data do decreto, salvo que nela dispóñase doutra cousa, debéndose publicar no BOP de Lugo. Igualmente deberase dar coñecemento ao Pleno.

Considerando o disposto no artigo 47 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico de Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais por medio da presente,

#### **RESOLVO:**

1. Que D. Luis de Alonso Álvarez, primeiro tenente de alcalde, substituírame na totalidade das miñas funcións de alcalde-presidente, con data de efectos do día 5 de agosto, manténdose no exercicio do cargo de alcalde accidental ata o día 21 de agosto de 2019, inclusive.

2. Que se notifique e procédase á publicación da presente delegación no BOP de Lugo, tal e como dispón o artigo 44.2 do Regulamento Orgánico de Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dándose conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre».

O que se fai público para xeral coñecemento.

Cervantes, 16 de xullo de 2019.- O alcalde, Benigno Gómez Tadin.

R. 2228

**MEIRA***Anuncio***Resolución da alcaldía núm.: 270/2019**

En virtude do disposto no artigo 47 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF), corresponde ós Tenentes de Alcalde substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento ó Alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a éste para o exercizo das súas atribucións.

Resultando que o citado artigo establece que nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento, as funcións do Alcalde non poderán ser asumidas polo Tenente de Alcalde a quen corresponda, sen expresa delegación que reunirá os requisitos do artigo 44.1 e 44.2.

Resultando que o artigo 44.1 e 44.2 do ROF indica que as delegacións serán realizadas mediante Decreto da Alcaldía que conterá como mínimo o ámbito dos asuntos a que se refire a delegación, as facultades que se deleguen, así como as condicións específicas do exercizo das mesmas, na medida en que se concreten ou aparten do réxime xeral previsto no ROF, e que a delegación de atribucións do Alcalde surtirá efecto dende o día seguinte á súa data, salvo que nela se dispoña outra cousa, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Resultando que o señor alcalde vai estar de baixa por enfermidade dende o 22 de xullo de 2019 o que lle impide realizar as súas atribucións.

**RESOLVO:**

Primeiro.- Delegar a totalidade das funcións desta Alcaldía no 1º. Tenente de Alcalde, don Agustín Méndez Moirón, dende o 22 de xullo de 2019 e ata que cause alta por incapacidade temporal.

Segundo.-Esta delegación surtirá efectos dende a súa sinatura e ata a súa incorporación.

Terceiro.- Da presente resolución darase traslado ao 1º. Tenente de alcalde e será publicada no BOP de Lugo, dando conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre.

Decreta, manda e asina o señor alcalde, ante min a secretaria que dou fe.

Meira, 22 de xullo de 2019.- A secretaria, Pilar Rozas Alonso. O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 2303

**MONFORTE DE LEMOS***Anuncio***APROBACION PADRÓN FISCAI IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONOMICAS 2019 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 15.07.2019 aprobouse o padrón fiscal do imposto sobre actividades económicas do exercicio 2019.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei das facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 13 da Ordenanza xeral dos ingresos municipais de dereito público, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 16.08.2018 ata o 16.10.2019.

De acordo co artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos polos conceptos sinalados, poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca ou Banco Sabadell en horario de atención ao público
- 2) A través de caixeiros automáticos nas devanditas entidades financeiras

3) A través da páxina web do Concello [www.monfortedelemos.e](http://www.monfortedelemos.e)

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicarase as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 16 de xullo de 2019.- O alcalde, José Tomé Roca.

R. 2229

## OUROL

### Anuncio

Faise público que o Sr. Alcalde-presidente do concello de Oourol con data vinte e cinco de xuño de dous mil dezanove, ditou o decreto nº 142 que literalmente transcrito di o que segue;

“En exercicio das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, así como a Disposición Adicional 2ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, RESOLVO:

Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local, as atribucións que de seguido se relacionan:

- O desenvolvemento da xestión económica de conformidade co orzamento aprobado, dispoñer gastos dentro dos límites da súa competencia, concertar operacións de crédito, con exclusión das contempladas no artigo 158.5 da Lei 39/1998, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, sempre que aquelas estean previstas no orzamento e o seu importe acumulado dentro de cada exercicio económico non supere o dez por cento dos seus recursos ordinarios, agás as de tesourería que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento non supere o quince por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, ordear pagamentos e rendir contas; todo iso de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Aprobar a oferta de emprego público de conformidade co orzamento e a plantilla aprobados polo Pleno.
- As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como os instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
- Sancionar as faltas de desobediencia á súa autoridade ou por infracción das ordenanzas municipais, agás nos casos en que a devandita facultade estea atribuída a outros órganos.
- A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.
- O outorgamento das licenzas, agás que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local.
- Ordear a publicación, execución e facer cumprir os acordos do Concello.
- A competencia como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministro, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere a porcentaxe indicado, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.
- A adjudicación das concesións sobre os bens da Entidade Local e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o dez por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como a enaxenación do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.
- A potestade sancionadora en materia urbanística baseándose no artigo 222.1 da LOUG.
- As demais que expresamente lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao concello e non o atribúan a outros órganos municipais.

SEGUNDO: A presente delegación de atribucións surtirá efectos dende o día da data, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.”

Ourol, catro de xullo de dous mil dezanove.- O alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 2230

---

*Anuncio*

Faise público que o Sr. Alcalde-presidente do concello de Ourol con data dezaioito de xuño de dous mil dezanove, ditou o decreto nº 139, que literalmente transcrito di o que segue;

“En exercicio das atribucións que me confire o artigo 61.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, en relación co artigo 43 e ss do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e téndose celebrado eleccións locais o pasado vinte e seis de maio de dous mil dezanove, RESOLVO:

1º.- Delegar nos/as concelleiros/as que a seguir se relacionan as seguintes atribucións:

- Dona Ana María Rico Pernas, a delegación de Servizos Sociais.
- Don Francisco Ramil Pernas, a delegación de Protección Civil, Cultura e Medio Ambiente.
- Don Víctor García Rodríguez, a delegación de Economía e Deportes.
- Don José Ramón Cal García, a delegación de Montes.
- Dona María Regina Peña Martínez, a delegación de Muller e promoción da igualdade.
- Don Manuel Barro Iravedra, a delegación de Gandeiría.
- Don Ramón Seijas Orol, a delegación de Agricultura.

2º.- A relación de delegacións comprende a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

3º.- A presente resolución surtirá efectos dende o día da data, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

4º.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.”

Ourol, catro de xullo de dous mil dezanove.- O alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 2231

---

*Anuncio*

O Pleno do concello de Ourol, en sesión extraordinaria celebrada o día quince de xullo de dous mil dezanove, aprobou provisionalmente o expediente de modificación de orzamento, suplemento de crédito, con cargo ao remanente líquido de tesourería polo importe de cincuenta e un mil euros, (51.000,00 €). En cumprimento do disposto no artigo 177.2, en relación co 169.1 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría do Concello, coa finalidade de que durante este período de tempo, que comezará a contar dende o día seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se estimen pertinentes, as que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

Ourol, quince de xullo de dous mil dezanove.- O Alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 2232

---

*Anuncio*

Téndose finalizado o mandato 2015-2019 como consecuencia das eleccións municipais celebradas o pasado día vinte e seis de maio de 2019, en cumprimento do establecido no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, faise público que as declaracións de bens e actividades dos membros da Corporación, atópanse a disposición dos cidadáns de conformidade co disposto no devandito precepto legal e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

Ourol, catro de xullo de dous mil dezanove.- O alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 2233

---

### Anuncio

O Pleno do concello de Ourense, na sesión extraordinaria celebrada o día vinte e catro de xuño de dous mil dezanove, acordou delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións:

Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno as seguintes atribucións do Pleno da Corporación:

- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria.
- A declaración de lesividade dos actos do Concello.
- A concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do dez por cento dos recursos ordinarios do orzamento-agás as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o quince por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior-todo iso de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.
- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos no orzamento.
- A competencia como órgano de contratación respecto dos contratos que se mencionan no parágrafo 1º da Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de contratos do sector público, cando polo seu valor ou duración non correspondan ao alcalde ou presidente da entidade local. Así mesmo a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas xerais aos que se refire o artigo 121 da Lei.
- A adxudicación de concesións sobre os bens da corporación e a adquisicións de bens inmoables e dereitos suxeitos a lexislación patrimonial así como a enaxenación do patrimonio cando non estean atribuídas ao Alcalde-Presidente, e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor.
- As demais que expresamente lle confiran as leis.

Segundo.- O presente acordo de delegación de atribucións surtirá efectos a partir do día seguinte á adopción do presente acordo, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Terceiro.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para a sinatura de cantos documentos sexan necesarios ao respecto.”

Ourense, catro de xullo de dous mil dezanove.- O alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 2234

### Anuncio

No exercicio das atribucións que me confire o artigo 65.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia, en relación co artigo 52 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e despois de terse celebrado as eleccións municipais o pasado 26 de maio de dous mil dezanove e creada a Xunta de Goberno Local por acordo plenario de data 24 de xuño de dous mil dezanove, os membros da Xunta de Goberno Local do concello de Ourense son os srs/as concelleiros/as que deseguido se relacionan:

.- Dona Ana María Rico Pernas

.- Don Francisco Ramil Pernas

.- Don Víctor García Rodríguez

Procédase de conformidade co preceptuado no artigo 46.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

Ourense, catro de xullo de dous mil dezanove.- O alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 2235

### Anuncio

O Pleno do concello de Ourense, na sesión extraordinaria celebrada o día vinte e catro de xuño de dous mil dezanove, acordou recoñecer as seguintes dedicacións:

PRIMEIRO: Recoñecer unha dedicación exclusiva ao concello de Ourense ao sr. alcalde-presidente, don José Luis Pajón Camba, provisto do DNI, nº \*\*\*\*3964\*\*, cunha retribución bruta anual de trinta e oito mil euros, (38.000,00 €), dividida en doce pagas mensuais, coa conseguinte alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo a Corporación o pagamento das cotas empresariais que correspondan.

SEGUNDO: Recoñecer unha dedicación parcial, tres horas ao día, de luns a venres, a dona Ana María Rico Pernas, concelleira delegada de Servizos Sociais, provista do DNI nº \*\*\*\*9435\*\*, cunha retribución bruta anual de seis mil euros, ( 6.000,00 €), dividido en doce pagas mensuais.

TERCEIRO: Actualizar en cada exercicio orzamentario o importe das referidas retribucións na mesma porcentaxe que a lexislación orzamentaria estableza para o persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Ourol, catro de xullo de dous mil dezanove.- O alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 2236

---

#### *Anuncio*

O concello Pleno en sesión organizativa celebrada o día vinte e catro de xuño de dous mil dezanove, adoptou os seguintes acordos:

#### **PERIODICIDADE DAS SESIÓNS PLENARIAS**

Fixar a celebración das sesións ordinarias do Pleno da Corporación o primeiro venres dos meses de xullo, setembro, novembro, xaneiro, marzo e maio, ás 20:30 horas, se coincidira con festivo, trasladarase ao luns seguinte.

#### **PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Fixar a celebración das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local do concello de Ourol o segundo e o cuarto martes de cada mes á hora que se sinale pola Presidencia.

Ourol, catro de xullo de dous mil dezanove.- O alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 2237

---

#### *Anuncio*

O concello Pleno en sesión organizativa celebrada o día vinte e oito de xuño de dous mil dezanove, adoptou os seguintes acordos:

#### **DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS**

A Comisión Especial de Contas do concello de Ourol estará integrada polos seguintes concelleiros/as:

- Presidente: Don José Luis Pajón Camba
- Vogais: Dona Ana María Rico Pernas, (grupo municipal socialista)  
Don Víctor García Rodríguez, (grupo municipal socialista)  
Don José Ramón Cal García, (grupo municipal socialista)  
Don José Hermida Corbelle (grupo municipal popular).

#### **NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES EN ÓRGANOS COLEXIADOS.**

Designar representantes do concello de Ourol nos órganos colexiados aos seguintes concelleiros:

#### **• Mancomunidade de concellos da Mariña Luguesa, ( Lugo):**

- .- Don José Luis Pajón Camba
- .- Don Francisco Ramil Pernas

#### **ASIGNACIÓN ECONÓMICA A GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS**

Asignar aos grupos políticos municipais a cantidade de 60,00 euros por mes, (componente fixo) e 30,00 euros por concelleiro por mes, (compoñente variable), con destino a sufragar gastos de funcionamento, a partir do día 1 de xullo de 2019.

Ourol, catro de xullo de dous mil dezanove.- O alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 2238

---

#### *Anuncio*

Faise público que o Sr. Alcalde-presidente do concello de Ourol con data dezaioito de xuño de dous mil dezanove, ditou o decreto nº 138, que literalmente transcrito di o que segue;

“Ao abeiro do artigo 21.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, dos artigos 62 e 63 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e artigos 41.3, 46 e 47 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2568/1986, de 28 de novembro, RESOLVO:

1º.- Nomear pola súa orde tenentes de alcalde do concello de Oourol aos/ás concelleiros/as:

- Dona Ana María Rico Pernas, Primeira Tenente de Alcalde.
- Don Francisco Ramil Pernas, Segundo Tenente de Alcalde.
- Don Víctor García Rodríguez, Terceiro Tenente de Alcalde.

2º.- Notifíquese a presente resolución a cada un dos/as designados/as, e insértese no Boletín Oficial da Provincia.

3º.- Dar conta ao Pleno da Corporación, na primeira sesión que se celebre.”

Oourol, catro de xullo de dous mil dezanove.- O alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 2239

---

## OUTEIRO DE REI

### *Anuncio*

#### **INICIO DE EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN**

José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, fago saber que, con data de 31 de agosto de 2011, iniciouse expediente de investigación para determinar a titularidade e existencia do do tramo de camiño que discorre entre as parcelas 101 e 97 do polígono 56.

De conformidade co disposto no artigo 50 do Reglamento de Bens das Entidades Locais, os afectados polo expediente de investigación diporán dun prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o da presente publicación, para alegar canto estimen conveniente en defensa dos seus dereitos ou intereses, debendo aportar perante o Concello, a tal fin, a totalidade da documentación representativa dos mesmos.

Outeiro de Rei, 10 de xullo de 2.019.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 2240

---

## O SAVIÑO

### *Anuncio*

O Pleno deste Concello na sesión extraordinaria e urxente que tivo lugar o día 11 de xullo do 2019, aprobou inicialmente o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais no concello do Saviño, redactado pola empresa SEAGA ao abeiro do convenio ao que este Concello está adherido, suscrito pola colaboración entre a Xunta de Galicia, FEGAMP e SEAGA, en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión de biomasa nas faixas secundarias.

Este plan expónse ao público durante o prazo de 20 días hábiles, que empezará a contar a partir do día seguinte ao da inserción deste edicto no BOP, para que durante o devandito prazo poida ser examinado e poidan formularse as alegacións e reclamacións que se estimen pertinentes polos que se consideren interesados.

O plan estará exposto fisicamente durante o mencionado prazo nas oficinas da casa do concello, en horario de 9:00 a 14:00 horas, así como tamén no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello: <http://concellodosavinao.sedelectronica.gal>

O Saviño, 12 de xullo de 2019.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 2241

---

## VIVEIRO

### *Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía, procédese á seguinte CONVOCATORIA:

Vistas as bases xerais, anexos e bases específicas para a selección de DOUS ADMINISTRATIVOS con carácter temporal, como empregados públicos para a execución das obras ou prestacións de servizos no Concello de

Viveiro, incluídas no programa “Fomento do Emprego 2019” segundo as bases reguladoras do plan provincial único de cooperación cos Concellos 2019, con número de expediente 4663/2019.

Son obxecto da presente convocatoria a selección de persoal temporal mediante a modalidade de funcionario interino, encadrado no programa “Fomento do Emprego 2019” segundo as bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2019, para a contratación de traballadores non incluídos no cadro de persoal do Concello.

Visto o art. 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) polo que se establece que “[...] 1. Son funcionarios interinos los que, por razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia, son nombrados como tales para el desempeño de funciones propias de funcionarios de carrera, cuando se dé alguna de las siguientes circunstancias:

- a) La existencia de plazas vacantes cuando no sea posible su cobertura por funcionarios de carrera.
  - b) La sustitución transitoria de los titulares.
  - c) La ejecución de programas de carácter temporal, que no podrán tener una duración superior a tres años, ampliable hasta doce meses más por las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto.
  - d) El exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de seis meses, dentro de un periodo de doce meses.
2. La selección de funcionarios interinos habrá de realizarse mediante procedimientos ágiles que respetarán en todo caso los principios de igualdad, mérito, capacidad y publicidad.
3. El cese de los funcionarios interinos se producirá, además de por las causas previstas en el artículo 63, cuando finalice la causa que dio lugar a su nombramiento.
4. En el supuesto previsto en la letra a) del apartado 1 de este artículo, las plazas vacantes desempeñadas por funcionarios interinos deberán incluirse en la oferta de empleo correspondiente al ejercicio en que se produce su nombramiento y, si no fuera posible, en la siguiente, salvo que se decida su amortización.
5. A los funcionarios interinos les será aplicable, en cuanto sea adecuado a la naturaleza de su condición, el régimen general de los funcionarios de carrera.

6. El personal interino cuya designación sea consecuencia de la ejecución de programas de carácter temporal o del exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de seis meses, dentro de un período de doce meses, podrá prestar los servicios que se le encomienden en la unidad administrativa en la que se produzca su nombramiento o en otras unidades administrativas en las que desempeñe funciones análogas, siempre que, respectivamente, dichas unidades participen en el ámbito de aplicación del citado programa de carácter temporal, con el límite de duración señalado en este artículo, o estén afectadas por la mencionada acumulación de tareas[...]

Visto o artigo 55.1 do TREBEP que sinala que “[...] todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico [...]”

Visto o artigo 55.2 do TREBEP que preceptúa que “[...] as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:

- a) Publicade das convocatorias e das súas bases.
- b) Transparencia.
- c) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.
- d) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.
- e) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.
- f) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección[...]

Visto o artigo 61.1 do TREBEP que dispón que “[...] os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrencia, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto [...]”

Visto o artigo 57 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, referentes aos sistemas aplicables á selección de persoal funcionario de carreira e persoal laboral fixo.

Visto o artigo 27 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, establece que “[...] 1. El nombramiento del personal funcionario interino se efectuará, con arreglo a los principios de mérito y capacidad, por el Subsecretario del Departamento al que figuren adscritos los correspondientes Cuerpos y Escalas o por el Director general de la Función Pública, cuando se trate de Cuerpos y Escalas dependientes de la Secretaría de Estado para la Administración Pública. El procedimiento deberá posibilitar la máxima agilidad en la selección, en razón a la



urgencia requerida para cubrir transitoriamente los puestos de trabajo en tanto se destina a los mismos a funcionarios de carrera. 2. Los funcionarios interinos deberán reunir, en todo caso, los requisitos generales de titulación y las demás condiciones exigidas para participar en las pruebas de acceso a los correspondientes Cuerpos o Escalas como funcionarios de carrera. BOLETÍN OFICIAL DEL ESTADO LEGISLACIÓN CONSOLIDADA Página 8 3. Las normas sobre selección de los funcionarios de carrera serán de aplicación supletoria a la selección de los funcionarios interinos en cuanto resulte adecuado a la naturaleza de éstos [...]”.

Tendo en conta que a contratación de persoal ao abeiro do Programa “FOMENTO DO EMPREGO 2019” realízase para cubrir servizos prioritarios do Concello co obxectivo de acadar un funcionamento eficaz dos servizos prioritarios en cuestión, non formando parte do cadro de persoal do Concello de Viveiro, e con fundamento en criterios de economía e eficacia, constátase a necesidade de convocar os postos que a continuación se relacionan, para cubrir mediante a modalidade de funcionario interino os seguintes postos:

Nº EMPREGOS	DENOMINACIÓN	XORNADA	RELACIÓN LAB.
2	ADMINISTRATIVOS	100%	Funcionario interino.

Tendo en conta a Retención de Crédito emitido polo Departamento de Intervención do Concello de Viveiro que consta no expediente.

Con fundamento no exposto con anterioridade e en uso das atribucións que me confire o artigo 21.1.g da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Convocar o proceso selectivo para dous postos de administrativos con carácter temporal, como empregados públicos para a execución das obras ou prestacións de servizos no Concello de Viveiro, incluídas no programa “Fomento do Emprego 2019” segundo as bases reguladoras do plan provincial único de cooperación cos Concellos 2019, mediante o sistema de concurso de mérito, de carácter aberto.

SEGUNDO.- Aprobar as bases xerais e os seus anexos, que rexerán o proceso selectivo para o ingreso, con carácter temporal, nos postos de traballo do Concello de Viveiro, para prestar servizos mediante a modalidade de funcionario interino.

TERCEIRO.- Aprobar as bases específicas que rexerán o proceso selectivo, mediante o sistema libre de concurso de valoración de méritos para o ingreso, con carácter temporal, dos postos de traballo denominados: DOUS ADMINISTRATIVOS (réxime xurídico: funcionario interino).

CUARTO.- Ordenar a publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. As bases publicaranse na páxina web do Concello ([www.viveiro.es](http://www.viveiro.es)) e no taboleiro de edictos municipal.

QUINTO.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Persoal para o seu coñecemento e efectos.

Viveiro, 15 de xullo de 2019.- O Alcalde en funcións, por Delegación de data 08/07/2019, Jesús Fernández Fernández.

R. 2242